



Oficina de Cooperación
e Voluntariado

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2022

25

ANIVERSARIO

OFICINA DE COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO
mobilizando conciencias



Oficina de Cooperación
e Voluntariado Universidade
da Coruña



Vicepresidencia de Internacionalización
e Cooperación
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

OCV

OFICINA DE COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO

Vicerreitoría de Internacionalización e
Cooperación

A CORUÑA

Facultade de Socioloxía, 1.º
Campus de Elviña
15071 A Coruña
Tel. 981 167 000
www.udc.gal/ocv

Director
José Jesús Cendán Verdes
Extensión: 1334
jesus.cendan.verdes@udc.gal

Persoal técnico
Lorena Rilo Pérez
Extensión: 1752
ocv@udc.gal

FERROL

Centro Cultural Universitario, 1.º
Campus de Esteiro
15403 Ferrol

Persoal técnico
Vanessa Míguez Martín
Extensión: 3677
ocvfer@udc.gal

Documento redactado por

Vanessa Míguez Martín e

Lorena Rilo Pérez

01

INTRODUCCIÓN

02

COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

Accións de educación para o desenvolvemento, a sensibilización e a participación social (EPD)

Proxectos de coñecemento da cooperación para o desenvolvemento (PCC)

Proxectos de coñecemento da realidade (PCR)

Alén do mar

Proxecto CIRES

III Premio UDC aos TFG e TFM en Cooperación para o Desenvolvemento

Bolsas para persoas refuxiadas (Abriga UDC)

Actividades coas ONG de desenvolvemento

03

VOLUNTARIADO

Menores

Exclusión social

Inmigración/refuxio

Ámbito sociosanitario

Diversidade funcional

Educación para o desenvolvemento

Actividades con outras entidades de acción social

Colaboracións no seo da Universidade da Coruña

04

APRENDIZAXE E SERVIZO

05

FORMACIÓN

Asistentes a cursos de formación no ano 2022

Outras actividades formativas e de sensibilización

Participación en redes

Sinerxías con outras universidades

Comunicación

INTRODUCCIÓN


A Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) é un servizo universitario que canaliza as demandas de participación e solidariedade na busca do ben común local e global por parte da comunidade universitaria, alén da cidadanía, na área de influencia da Universidade da Coruña (UDC). Con este fin potencia, xestiona e coordina os activos e recursos solidarios da UDC. Así mesmo, ofrece espazos de participación, experiencias de solidariedade e actividades de compromiso social que complementan a misión da UDC como entidade de educación superior, centrada na formación integral da persoa e na construción dunha cidadanía local e global activa e crítica, ao servizo dos valores e principios democráticos e do desenvolvemento humano sustentable.

Cabe salientarmos que durante o ano 2022 emprendemos varias accións para conmemorar o 25.º aniversario da OCV. Así, no mes de marzo organizamos unha conferencia no Salón de Actos da Facultade de Ciencias da Educación co activista e investigador Gonzalo Fanjul, que foi presidida polo reitor da UDC, Julio Abalde, e á cal asistiu un numeroso grupo de persoas.



Ademais disto, elaboramos un pequeno prego titulado *#25 Voces*, publicado polo Servizo de Publicacións da UDC no mes de xuño, en que incluimos a biografía de 25 persoas mozas activistas na defensa dos dereitos humanos de todo o mundo.

A OCV depende da Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación e ten cadansúa oficina nos campus da Coruña (Elviña) e Ferrol (Esteiro). Durante 2022 contou cos seguintes recursos humanos: dúas técnicas especialistas nas oficinas de Coruña e Ferrol, ademais do director do servizo. Este equipo complementouse coa chegada de alumnado bolseiro, un alumno na oficina de Esteiro e unha alumna na de Elviña.



0

COOPERACIÓN PARA O 2 DESENVOLVEMENTO

Enténdese a cooperación para o desenvolvemento da universidade como un conxunto de actividades realizadas pola comunidade universitaria orientadas á transformación social nos países máis pobres, a prol da paz, a igualdade, o desenvolvemento humano e a sustentabilidade ambiental no mundo, transformación en que o fortalecemento institucional e académico teñen un papel importante.

Código de conduta das universidades en cooperación para o desenvolvemento, 2006

En 2022 publicamos a novena convocatoria do noso programa de accións de educación para o desenvolvemento, a sensibilización e a participación social (EPD), destinadas ao conxunto da comunidade universitaria da UDC; e a terceira convocatoria de premios para os mellores TFG e TFM en materia de cooperación e EPD. Por outra banda, e tras a pandemia da covid, puidemos publicar a décimo quinta convocatoria de proxectos de coñecemento da realidade (PCR) e a décima convocatoria de proxectos de coñecemento da cooperación para o desenvolvemento (PCC), respectivamente.

Así mesmo, seguimos a recompilar os datos necesarios para a enquisa TOSSD (apoio oficial total para o desenvolvemento sustentable), que lle remitimos anualmente ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación; e asinamos un novo *Convenio entre a Vicepresidencia Segunda e a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e as universidades do SUG, para o proxecto de consolidación do I Plan estratéxico da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento 2020-2030 e a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible*, que veremos máis polo miúdo no apartado específico dedicado á Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD).

ACCIÓNS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO, A SENSIBILIZACIÓN E A PARTICIPACIÓN SOCIAL (EPD)

Publicouse a IX Convocatoria de accións de educación para o desenvolvemento, a sensibilización e a participación social (EPD), co obxectivo de apoiarmos aquelas actividades desenvolvidas pola comunidade universitaria que quixeron darlles pulo aos valores da cidadanía global, á procura dun novo modelo humano comprometido coa consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS), a erradicación da pobreza e a igualdade de xénero, entre outros fins. Nesta edición de 2022 presentouse un total de catro proxectos, en que unicamente tivo representación o PDI da universidade.

A seguir, facemos unha relación dos resumos dos catro proxectos presentados:

Manuela del Pilar Santos Pita

Profesora contratada doutora, decana da Facultade de Humanidades e Documentación



Moda sostenible y diseño upcycling

Centro Cultural Universitario
* Encima de la cafetería

24-30 Octubre
Ferrol

PROGRAMACIÓN

DÍA LUNES 24

13:00 **INAUGURACIÓN**
Aula magna, Facultad de Humanidades

13:15 **CONFERENCIA**
ZALOA BASALDUA
Socia fundadora de Atrapalab S. Coop

14:00 **CHARLA-DEBATE**
CON ALUMNOS DE MODA
Magdalena, Daniel, Noa, Manuel

15:30-19:30 **TALLER DE UPCYCLING**
Impartido por Zaloa Basaldúa

DÍA MARTES 25

10:00-14:00/15:30-19:00 **TALLER DE UPCYCLING**
Impartido por Zaloa Basaldúa

ENTRADA LIBRE
a la exposición y conferencias

Para participar en los **TALLERES** envía un mail a patricia.muniz@udc.es

Logos: Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade de Coruña, 3ª Convocatoria de Acciones de RSC, Fundación e Participación Social, Cofe, Cárter, Cárter.

Moda sustentable e deseño upcycling

Presentou unha proposta que se materializou na realización dunha conferencia, unha mesa-debate e un obradoiro práctico de 12 h de duración en que participaron preto de 60 alumnos e alumnas.

Ademais disto, instalouse unha exposición no Centro Cultural Universitario do campus de Ferrol que estivo aberta ao público entre o 24 de outubro e o 12 de novembro, e que contiña traballos previos desenvolvidos polo alumnado do grao en Xestión Industrial da Moda, así como os produtos elaborados durante a realización do obradoiro.

Rubén Fernández Prado

Profesor colaborador (COL) da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica

Educación emocional como base para a sensibilización social no ámbito universitario

A súa proposta consistiu na organización dun obradoiro sobre educación emocional para voluntariado, aberto a toda a comunidade universitaria. Ademais, tamén houbo unha exposición fotográfica con instantáneas tomadas durante a execución do voluntariado no proxecto que a ONGD Escola Shantidi ten na India e en que o antedito PDI colabora. O obradoiro tivo lugar na Facultade de Ciencias da Educación do campus de Coruña e nel participaron algo máis de 30 persoas. Para alén disto, foi o foro escollido por unha das participantes nos PCR de 2022 para expoñer a súa experiencia en terreo.



Adriana Ivette Ávila Álvarez

Profesora contratada doutora, decana da Facultade de Ciencias da Saúde

Gekkolab México. Elaboración de próteses en 3D para persoas en situación de vulnerabilidade



O proxecto presentado serviu para darlle apoio á xornada de divulgación «Próteses de baixo custo e dispositivos intercambiabiles para persoas en situación de vulnerabilidade» da iniciativa Gekkolab en que a PDI está a colaborar.

Así, o proxecto foi presentado en distintos centros e facultades de ambos os dous campus da UDC.

Laura Oso Casas

Catedrática de universidade (doutora) da Área de Socioloxía

Visións da migración e desenvolvemento local en contextos europeos non-urbanos.

Presentou un proxecto que incluíu a realización de diversas actividades, entre elas unha exposición itinerante con visitas guiadas que se expuxo nos campus da Coruña e Ferrol. Ademais, organizouse unha mesa redonda na Facultade de Socioloxía.



PROXECTOS DE COÑECEMENTO DA COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO (PCC)

No ano 2022, e tras dous de parada por mor da pandemia da covid, publicouse a X Convocatoria de proxectos de coñecemento da cooperación para o desenvolvemento (PCC) para PDI e PAS da UDC, con que se pretendeu achegar o dito tipo de proxectos ao persoal desta universidade e buscar a súa implicación. A convocatoria estivo dotada con 7000 € e presentáronse a ela tres persoas, dous membros do PDI e un do PAS, aínda que finalmente o PAS tivo que renunciar á bolsa e non chegou a realizar a súa estada. A seguir presentamos algúns detalles acerca das localizacións, as persoas participantes e os proxectos beneficiarios:

Laura Cruz López é docente no grao en Educación Social (Facultade de Ciencias da Educación) e no Mestrado en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria (Facultade de Socioloxía). Viaxou a Guatemala da man de Solidariedade Internacional de Galicia para participar nos procesos de autocoidado, acompañamento e prevención comunitaria das violencias contra as mulleres desenvolvidos pola Asociación de Mujeres Mayas Kaqla. Asumindo a necesaria ecoloxía de saberes, o obxectivo do proxecto foi coñecer o enfoque da plenitude de vida da cosmovisión maia desde o que traballa Kaqla, e compartir as visións e metodoloxías con que se abordan as opresións e vulnerabilidades en Galicia

Jakson Renner Rodrigues Soares é docente no grao en Turismo e participou nun proxecto coa Universidade Estatal Península de Santa Elena (UPSE), en Ecuador. Os destinos turísticos cunha marcada ausencia de planificación e onde a xestión non contribúe ao desenvolvemento das actividades produtivas turísticas están limitados ao desenvolvemento de diversas actividades que provocan o fluxo de visitantes. Na actualidade, a provincia de Santa Elena carece dun inventario

turístico das súas comunidades, o que impide coñecer as potencialidades naturais e culturais que posúe cada unha delas. Por isto, a UPSE creou un proxecto de prácticas preprofesionais e actividades de vinculación coa colectividade nos campos de especialidade do estudantado das carreiras de turismo. O proxecto procura unha aproximación da academia á sociedade, con vistas a que o persoal docente e o alumnado ofrezan os seus servizos á comunidade, neste caso, relacionada co sector turístico.

PROXECTOS DE COÑECEMENTO DA REALIDADE (PCR)

Os proxectos de coñecemento da realidade (PCR) son unha iniciativa que ofrece ao alumnado da UDC que colabora con ONGD a posibilidade de se desprazar a un país en vías de desenvolvemento para realizar unha estadía de cooperación dun a tres meses. O traballo que se desenvolve pode ser validado por proxectos de fin de carreira, por prácticas de materias ou por traballos obrigatorios de fin de carreira.

Alén disto, participar nun PCR constitúese como unha importante ferramenta de sensibilización sobre a temática, tanto para o propio alumnado beneficiario como para a sociedade en xeral, xa que, tras o seu regreso, o alumnado se compromete a realizar charlas para dar a coñecer o aprendido na experiencia. No ano 2022 presentouse na UDC a XV Convocatoria de proxectos de coñecemento da realidade en programas de cooperación para o desenvolvemento, dotada con 7000 € destinados a financiar os gastos do desprazamento ao país de destino e o seguro da viaxe, así como os de xestión e coordinación da dita actuación (protocolo, difusión etc.). Este ano seleccionáronse os tres proxectos que presentamos a continuación, xunto con algúns detalles acerca das súas localizacións e as persoas participantes.

Goretti Paz González, estudante do grao en Educación Social, viaxou á India coa ONG Escola Shantidi de Lugo (shanti significa ‘paz’ en hindi, e didi ‘irmá maior’). O proxecto en que participou, denominado «Outra perspectiva», é un proxecto educativo que a levou a cooperar en tres comunidades da India (Jaipur, Gaya e Andhra Pradesh). Algunhas das tarefas que levou a cabo consistiron na impartición de clases de inglés dirixidas á xuventude india, e algunhas clases en inglés como matemáticas, ensinar o alfabeto, educación física etc. Tamén levou a cabo diferentes actividades de sensibilización, con temáticas diversas, para nenas e mulleres, obradoiros de educación afectiva e de diversidade cultural.

Andrés Suárez Bueno é estudante do grao en Educación Social. Viaxou a Honduras, concretamente a Choluteca, coa ONG Solidariedade Internacional de Galicia. Participou nun proxecto de accións de axuda humanitaria que se desenvolven en cinco comunidades do municipio de San Marcos de Colón, cuxas condicións de vida se viron gravemente afectadas pola seca dos furacáns ETA e IOTA e a covid. Ante esa realidade, propúxose un proxecto que contribúe a reforzar as capacidades de resposta desas cinco comunidades a través dunha tripla abordaxe: o fortalecemento das capacidades dos organismos municipais e locais, a atención ás necesidades alimentarias básicas de 300 familias e a mellora das condicións de bioseguridade.

Julia González Méndez, alumna de simultaneidade do grao en Administración e Dirección de Empresas e o grao en Dereito, viaxou coa ONG fundada na Coruña Semilla para el Cambio á India para realizar as súas prácticas de formación académica mediante a cooperación e a participación no programa de

acción en Varanasi (India) da devandita ONG. A alumna actuou nunha vertente práctica, ao se implicar na liña de traballo do equipo de administración, xestión e dirección da organización, co cal aplicou os coñecementos e habilidades adquiridos durante os seus seis anos de formación, tanto no ámbito empresarial como no do dereito.

ALÉN DO MAR



No ano 2022, a profesora da UDC Montserrat Castro Rodríguez coordinou unha formación no ámbito da educación social para os nosos socios hondureños. A dita formación, presencial e en liña, constou de tres obradoiros, o primeiro dos cales xa foi impartido no mes de novembro por Alberto Fernández.

PROXECTO CIRES

No ano 2022, unha comitiva formada por dous membros do PDI e dous membros do PAS das universidades alxerinas de Tizi Ouzou e Bejaia visitou a nosa universidade en representación do proxecto CIRES (*Création de capacités institutionnelles d'intégration des réfugiés dans l'enseignement supérieur*), que ten por obxectivo desenvolver mecanismos institucionais para a integración de estudantes refuxiados na educación superior e en que participan nove universidades de Alxeria, Francia, Italia e España. Durante a súa estadía, a OCV compartiu a súa visión do proxecto con estas catro persoas e invitounas a coñecer o equipo que traballa en Ecos do Sur e participa no programa Abriga da UDC para ver posibles vías de colaboración.



Por outra banda, a visita levounos a Ferrol para darlles a coñecer á vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, María Jesús Movilla, e a directora do Campus Industrial de Ferrol, Ana Isabel Ares, o seu traballo no marco do antedito proxecto. Ademais, aproveitaron a xornada para percorrer varios dos laboratorios do Centro de Investigación en Tecnoloxías Navais e Industriais (CITENI), onde foron recibidos polo seu director científico, Armando Yáñez, e a directora técnica, Anne Gosset.

III PREMIO UDC AOS TFG E TFM EN COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

Por terceiro ano consecutivo, a OCV publicou a convocatoria do Premio UDC a Traballos de Fin de Grao e Traballos de Fin de Máster en Cooperación para o Desenvolvemento, que pretenden contribuír á transformación local e global potenciando aqueles estudos e traballos que axuden a un mellor coñecemento humano sustentable na nosa contorna, ademais de ao coñecemento e a sensibilización

sobre os retos globais.

Nesta terceira convocatoria presentáronse un total de tres candidaturas, das cales só dúas foron seleccionadas, e os premios foron parar unicamente á categoría de mellor TFG; na categoría de TFM, quedaron desertos. A entrega tivo lugar o 22/12/2022. Foron galardoados o alumno Xabier Rodríguez Seijas, estudante do grao en Arquitectura, que recibiu o 1.º premio ao mellor TFG, dotado con 800 €; e o alumno Eloi Fernández Ramos, estudante do grao en Educación Social, que acadou o 2.º premio ao mellor TFG, dotado con 400 €.



BOLSAS PARA PERSOAS REFUXIADAS (ABRIGA UDC)

A UDC adheriuse ao programa Rapid Response Mechanism for Higher Education in Emergencies, da oficina do presidente de Portugal, Jorge Sampaio, para lles facilitar a realización de estudos universitarios ás persoas en situación de solicitude de protección internacional. No ano 2019 asinárase un convenio de colaboración coa Cruz Vermella Española para a preselección das persoas que puidesen cumprir os requisitos e desexasen continuar os seus estudos na UDC, e en 2020 asinouose outro coa ONG Ecos do Sur para posibilitar o acceso aos estudos universitarios de persoas en situación de solicitude de protección internacional ou provenientes de zonas de conflito.

No ano 2022 publicouse oficialmente a I Convocatoria de axudas a estudantado refuxiado ou solicitante de protección internacional («Abriga UDC»), que beneficiou a seis alumnos e alumnas de diferentes estudos oficiais de grao e mestrado na UDC.

ACTIVIDADES COAS ONG DE DESENVOLVEMENTO

Unha das prioridades da Área de Cooperación para o Desenvolvemento da OCV é a de colaborar coas distintas ONGD tanto da provincia da Coruña como de Galicia, en xeral, así como con outros axentes da cooperación galega, na busca de sinerxías que permitan unha cooperación máis efectiva e de calidade.

A devandita colaboración atinxe a realización de actividades conxuntas; labores de sensibilización e de EPD a través da organización de xornadas, charlas, obradoiros, seminarios e exposicións; e a difusión das diferentes actividades que desenvolven estas organizacións a través das nosas redes e contactos.

Este interese da OCV polo traballo conxunto coas ONGD amplíase coas nosas colaboracións con outras entidades de acción social, que recollemos a continuación.

Coordinadora Galega de ONGD

No ano 2022 continuáronse as tarefas de difusión e intercambio de información entre as dúas entidades. Así, publicáronse na nosa web as recomendacións á poboación para canalizar e conseguir máis eficiencia nas súas accións solidarias no tocante ao conflito bélico que estalou entre Rusia e Ucraína.

Doutra banda, a OCV adheriuse ao proxecto «Defensoras de Dereitos», que liderarán entre a Coordinadora Galega de ONGD, Agareso e Solidariedade Internacional de Galicia, cuxa finalidade é traer a Galicia mulleres defensoras dos dereitos humanos que estean nun risco medio ou baixo de perigo, para darlles uns momentos de respiro e poder sensibilizar a cidadanía galega co seu traballo.

Solidariedade Internacional Galicia

Colaboramos coa dita ONGD na organización de charlas de sensibilización co colectivo Mulleres Creando, así como no proxecto de cidadanía Global «O Globo», a achegarmos a nosa experiencia do

grupo de voluntariado en sensibilización. Tamén participamos en varias formacións sobre cidadanía global, entres as cales cabe salientarmos o seminario web que levou por título «Diálogo sobre educación para a cidadanía global na escola: realidades e propostas», organizado polo Grupo de Investigación Educación para a Cidadanía Global (ECIGAL) e a ONG Solidariedade Internacional de Galicia.



Ecos do Sur

Como vimos de mencionar, a OCV está a colaborar coa ONGD Ecos do Sur na preselección de candidatos/as ás bolsas de estudos para persoas refuxiadas, polo que cando menos temos unha reunión ao longo do curso académico. Así mesmo, a súa técnica de Comunicación colaborou coa OCV na impartición do curso para os PCR.

Enxeñería sen Fronteiras Galicia (ESF)

A ONGD cedeunos a exposición que leva por título «Outras realidades: Centroamérica desde Galicia», que puido visitarse no mes de febreiro no Centro Cultural Universitario do campus de Ferrol, con motivo da celebración do Día Mundial pola Xustiza Social (20 de febreiro)

Ademais disto, durante todo o ano 2022 estivemos a participar no proxecto que desenvolve ESF en colaboración con Artigo9tech denominado «Tecnoloxía ao servizo do ben común, da cidadanía global e da inclusión nas escolas técnicas da universidade galega», financiado pola Cooperación galega (Xunta de Galicia).

Por último, cabe salientarmos que o 6 de abril, en colaboración co ESF e coa participación do Sindicato Labrego, tivo lugar o encontro «Mulleres bravas. Muller, terra e territorio» na Facultade de Ciencias da Educación da UDC.

Manos Unidas Ferrol

A ONGD da cidade de Ferrol participou activamente nas actividades programadas dentro do Mes polos Dereitos Humanos. Por unha banda, cedeu a exposición «A nosa indiferenza condénaos ao esquecemento», que puido visitarse do 28 de novembro ata o 19 de decembro no Centro Cultural Universitario do campus de Ferrol. Pola outra, María José Hernando, técnica de Estudos da ONG, viaxou desde Madrid para impartir a conferencia titulada «Os dereitos humanos: marco indispensable para o desenvolvemento humano e os ODS» na Aula Magna da Facultade de Humanidades e Documentación.

0

VOLUNTARIADO

3

Acción voluntaria realizada por persoas físicas como resultado da súa participación social organizada no desenvolvemento de actividades de interese xeral a través de entidades de acción voluntaria, sempre que se trate dunha decisión libremente adoptada e non traia causa dunha obriga ou dun deber xurídico; que se execute fóra do ámbito laboral, profesional, funcionarial ou mercantil ou de calquera outro tipo de relación retribuída; que a acción voluntaria se leve a cabo sen contraprestación económica, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos que esta acción poida ocasionar ou dos recoñecementos que correspondan; que se leve a efecto en función de programas concretos, que sexan promovidos por calquera das entidades de acción voluntaria ou polas administracións públicas de Galicia.

Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria de Galicia

Durante o ano 2022, a pesar de se recuperar a presencialidade no 100 % dos proxectos de voluntariado suspendidos por mor da covid, a participación do alumnado da UDC nos diferentes proxectos ofertados pola OCV ou en colaboración con outras entidades resentíuse notablemente.

Aínda así, puxéronse en marcha novos proxectos, como o programa Lexcit, en colaboración coa ONG Educo, de que a seguir se dará conta.

MENORES

Centro de Acollida de Menores de Bañobre

O obxectivo deste proxecto xa continuado é buscar o tratamento individual e igualitario das e dos 35 menores que viven no centro de acollida, a través de actividades lúdicas. Ademais, desde hai un tempo, o centro conta cunha educadora as fins de semana, que colabora tamén nas saídas que se organizan. Neste ano 2022 comezamos a colaborar novamente, só con catro persoas voluntarias, cada unha nun dos pisos, para poder crear unha burbulla controlada, no caso de que xurdise calquera contaxio.

Acción Solidaria de Galicia (Asdegal)

O voluntariado universitario continuou a colaborar nos proxectos da asociación Asdegal de apoio socioeducativo a menores de primaria, secundaria e bacharelato cuxas familias se atopan en risco de exclusión social, e tamén no proxecto de acompañamento de persoas anciás.

Asociación Baltasar Pardal

Neste ano, o voluntariado da OCV participou nas aulas de estudo, apoio educativo e merendas para menores e adolescentes en situación de risco de exclusión social da zona de Monte Alto.

Fundación Amigó

A Fundación Amigó contribúe á transformación social e individual das persoas excluídas e vulnerables. Actúa principalmente coa infancia e a xuventude en situación de dificultade e coas súas familias, e defende os dereitos humanos e da infancia, traballando a través da intervención socioeducativa e psicosocial.

Neste eido, o estudantado da UDC colaborou nos proxectos da aula de estudo e apoio educativo para menores e adolescentes.

Proxecto Lexcit de EDUCO

A Fundación EDUCO é unha ONG de cooperación global para o desenvolvemento e a acción humanitaria que actúa en favor da infancia e en defensa dos seus dereitos, en especial o dereito a recibir unha educación de calidade.

O estudantado voluntario colabora con esta asociación no programa Lexcit, que ten como obxectivo impulsar o éxito educativo a través da mellora da comprensión lectora. Desde o proxecto, existe o reto de garantir que o alumnado finalice a etapa de primaria cun nivel de competencia lectora que asegure o seu desenvolvemento educativo e social.

Aula Intercultural de Apoio Escolar a Menores

Démoslles apoio escolar a menores inmigrantes procedentes do Centro de Menores Ferrol I. Por unha banda, no reforzamento dos estudos de formación profesional que algúns e algunhas realizan; e, pola outra, nun apoio máis específico orientado a un mellor manexo das linguas castelá e galega.

Para complementar este apoio e favorecer a inclusión social destes menores, lévanse a cabo actuacións puntuais, tales como saídas culturais pola cidade de Ferrol.

EXCLUSIÓN SOCIAL

Centro Penitenciario de Teixeiro

A finais do ano pasado puxeramos en marcha unha nova liña de colaboración, coa organización e formación dun grupo de voluntariado para o apoio escolar de reclusos en varias quendas semanais. A dita actividade rematou no mes de xuño, e durante os meses de xullo e agosto continuouse o labor no centro coa organización de distintos obradoiros formativos, alén dun obradoiro de xadrez que tivo

lugar durante catro meses.

Por outra banda, o 13 de decembro asistimos á xuntanza do Consello Social que tivo lugar na prisión, onde coincidimos con moitas das outras asociacións, entidades e ONG que colaboran no dito centro.

INMIGRACIÓN/REFUXIO

Aulas de español para persoas estranxeiras

Dous días á semana, ofréceselles reforzo en lingua castelá a persoas estranxeiras que queren mellorar as súas competencias lingüísticas para favorecer a súa inclusión social ou mesmo intensificar a preparación necesaria para obter a nacionalidade española.

Este proxecto, que se leva a cabo no Edificio de Apoio ao Estudo no campus de Ferrol, iníciase no mes de outubro e prolóngase ata finais do mes de xuño.

ÁMBITO SOCIOSANITARIO

Proxecto de acompañamento na Área de Saúde Mental do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC)

Durante o ano 2022 continuouse traballando en colaboración co equipo de Traballo Social do CHUAC para acompañar a aquelas persoas que seguen ligadas ao Hospital de Día, pero precisan apoio nalgúns aspectos da súa recuperación, por non dispoñer dunha rede familiar de soporte. Trátase en particular de lles facilitar a realización de determinadas actividades da súa vida cotiá (saír á rúa, facer algún recado...) e/ou ofrecerlles acompañamento nelas.

DIVERSIDADE FUNCIONAL

Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegal

O voluntariado da OCV acode ao local da asociación naronesa para participar en diferentes actividades coas persoas usuarias do Centro Ocupacional. A súa participación prolongouse ata o verán.

Centro Pai Menni

A colaboración con este centro durante o ano 2022 viuse dificultada pola covid, pero pouco a pouco foron retomándose as actividades do voluntariado de apoio naquelas tarefas en que se ía requirindo, como saídas, videoconferencias cos familiares, actividades deportivas...

EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

Proxecto de sensibilización da comunidade universitaria

O voluntariado que participa no proxecto diseña materiais de sensibilización, dinámicas e xogos de carácter lúdico para intentar chamar a atención dos seus compañeiros e das súas compañeiras dos campus sobre a importancia de exercer unha cidadanía activa e actuar en defensa dos dereitos humanos e a xustiza social. No ano 2022, desenvolvéronse distintas accións nos dous campus da UDC:

- **Mes polos Dereitos Humanos.** Actividade organizada no campus de Ferrol con conferencias, actividades de sensibilización e unha exposición que tivo lugar durante varias semanas.



- **Apoio a Acampa #Fame 0.** A temática elixida para a realización do evento



Acampa no ano 2022 enmarcouse no lema #Fame 0. Para difundir a iniciativa, ideouse unha campaña sobre a cuestión para as redes sociais. Ademais disto, o voluntariado de sensibilización levou a cabo unha dinámica nos xardíns de Méndez Núñez.

- **Ambassadors Role Playing.** Dinámica deseñada para desenvolverse en liña sobre diplomacia e as relacións internacionais.



- **Dinámica sobre senfogarismo.** Coincidindo coas Xornadas de Persoas sen Fogar no Albergue de Transeúntes Padre Rubinos, o voluntariado de sensibilización do campus da Coruña preparou unha dinámica nas rúas do devandito campus.

- **Dinámica sobre comercio xusto e o consumo de proximidade,** así como o uso das macrogranxas, que tivo lugar o 21 de febreiro no campus de Ferrol e o 7 de marzo no campus da Coruña.

- **Rosco de pasapalabra sobre menstruación saudable.** Esta actividade, que se levou a cabo o 19 de outubro no campus da Coruña, estivo enmarcada no programa Outubro Saudable.



ACTIVIDADES CON OTRAS ENTIDADES DE ACCIÓN SOCIAL

Plataforma Coruñesa do Voluntariado (PCV)

Durante o ano 2022 a OCV tomou parte na asemblea extraordinaria e ordinaria da PCV, e adherímonos ás comisións de Xestión, Comunicación e Formación para traballar nelas. Finalmente, cómpre notarmos que a OCV celebrou o Día Internacional do Voluntariado uníndose á campaña da PCV, xunto coas 17 entidades integrantes.

Plataforma do Voluntariado de España

Durante o ano 2022, unímonos ao proxecto eVA-VOL, unha plataforma que empregamos para poder avaliar e validar a aprendizaxe obtida coa participación no voluntariado.

¿Eres una persona voluntaria?

¿Cuentas con más de **30 horas** de voluntariado realizadas? ¿Quieres que la **Universidad da Coruña** te reconozca el valor de ese aprendizaje?

Te presentamos **eVA-VOL**

Una plataforma que utiliza la **Universidad da Coruña** para poder evaluar y validar todo ese valioso aprendizaje que obtuviste en tu acción solidaria.

Informes y orientación:

Oficina de Cooperación e Voluntariado
Correo electrónico: ocv@udc.es
Tlf. 881 011 752



Co-funded by the
Erasmus+ Programme
of the European Union



Fundación SEUR

Seguimos a colaborar coa dita fundación na campaña solidaria de recollida de tapóns para distintas causas. De feito, renovouse a sinatura do convenio de colaboración cara a finais de ano. Os recipientes, situados en distintos edificios dos campus da Coruña, seguen enchéndose de tapóns de plástico, de xeito que a súa doazón se converte pouco a pouco nun acto cotián.

ACCEM

O 5 de decembro participamos no programa de radio «Escuela de familias», na emisora CUAF FM, nunha edición dedicada ao voluntariado.

Real Institución Benéfico-Social Padre Rubinos

Por cuarto ano consecutivo, esta entidade colaborou coa OCV na organización das Xornadas sobre Persoas sen Fogar. Cuestión de Dereitos, cuxa décimo cuarta edición tivo lugar nas súas instalacións o 27 de abril.

Acampa



Un ano máis a OCV sumouse ao Encontro Internacional Acampa pola Paz e o Dereito a Refuxio, cuxa sexta edición tivo lugar entre os días 9 e 11 de xuño nos xardíns de Méndez Núñez. Colaboramos co evento co financiamento da viaxe da docente Celia Regina Rossi, que é a coordinadora de Acampa Brasil e profesora na Universidade de São Paulo. Aproveitando a súa visita, fíxose unha reunión co Grupo de Traballo de Igualdade da Facultade de Ciencias da Educación, promotor do proxecto «Rompendo regras», sobre a menstruación, onde se chegou a varias vías de colaboración coa universidade de procedencia de Celia Regina, grazas ao interese mutuo.

ONG AIRE

A ONG Aire e a OCV da UDC promovemos unha campaña de recollida de utensilios necesarios para os campos de refuxiados, que a ONG Aire levou ao seu destino no mes de decembro.

COLABORACIÓNS NO SEO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Unidade de Análise e Xestión de datos da UDC (AXD)

Durante o ano 2022 mantivemos varias reunións de traballo co responsable da Unidade de Análise e Xestión de Datos da UDC para contribuír á mellora da recollida de información nos diferentes servizos da UDC no tocante aos ODS. Así, axudamos de xeito destacado a completar os datos da clasificación THE Impact, que mide a contribución da UDC para conseguir os anteditos obxectivos.

Oficina de Medio Ambiente (OMA)

Neste ano colaboramos coa dita oficina en diferentes espazos, tales como o Comité Ambiental do Green Campus Ferrol.

Así mesmo, impartimos un obradoiro no curso de verán «Construíndo realidades alternativas desde a perspectiva ecosocial e o feminismo», que tivo lugar no Albergue de Ecoturismo Alvarella en Vilarmajor.



Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX)



En 2022 participamos na mesa redonda «Mulleres e traballo na actualidade», que se levou a cabo na Facultade de Humanidades e Documentación, no campus de Ferrol, con motivo da celebración do 8 de marzo.

Green Campus Ferrol

A OCV segue a participar activamente nas reunións do Comité Ambiental do Green Campus Ferrol, que está a contribuír decisivamente a que a UDC se atope entre as 50 mellores universidades do mundo no Green Metric. Ademais, no ano 2022 conseguiuase a renovación da bandeira verde do campus ferrolán.

Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudiantado (SAPE)

Colabórase con este servizo para o intercambio de información e a súa posterior difusión nas respectivas redes, tanto no campus coruñés como no ferrolán. Así mesmo, participamos moi activamente na xornada de benvinda do estudiantado que organizou en ambos os campus. O dito servizo encárgase, ademais, de facer a oferta das dúas prazas para estudantes bolseiros/as nas oficinas da OCV.

Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos

Participamos na organización da conferencia impartida por Ofelia García co título «Acción humanitaria e emerxencias na era poscovid», que tivo lugar o 16 de febreiro na ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos, no campus de Elviña.



Escola Técnica Superior de Arquitectura (ETSAC)



No ano 2022 participamos cunha intervención na mesa de ideas «Abordar a crise humanitaria desde a construción civil», organizada polo director da ETSAC, que se levou a cabo o 17 de marzo na Zapateira.

Facultade de Humanidades e Documentación

A colaboración coa Facultade de Humanidades e Documentación acadou unha gran relevancia durante o ano 2022, xa que moitas das actividades que programamos fixémoslas en colaboración co decanato do antedito centro.

Ademais, participamos na xornada «Órbita Erasmus», que tivo lugar o 24 de novembro, en que demos a coñecer os nosos proxectos de coñecemento da realidade (PCR).



Grupo Espallar



O 30 de setembro participamos activamente no evento GNIGHT-Noite Europea de Persoas Investigadoras, dentro do noso GID Espallar. No dito evento, o grupo de sensibilización desenvolveu distintas dinámicas.

ONGD presentes na UDC

Na OCV temos un forte compromiso de colaboración coas ONGD presentes na UDC: Enxeñaría Sen Fronteiras, Arquitectura Sen Fronteiras e Solidariedade Internacional Galicia, tal e como vimos en apartados anteriores. Mantemos estreitos lazos con elas e traballamos conxuntamente en iniciativas que redundan na promoción da cooperación e a EPD, tanto dentro da comunidade universitaria como no conxunto da sociedade en xeral. Cabe mencionarmos a nosa colaboración coas ONGD no grupo Artigo9tech, de que falaremos algo máis polo miúdo máis adiante.

0

APRENDIZAXE E SERVIZO

4

A aprendizaxe e servizo é unha proposta educativa que combina procesos de aprendizaxe e de servizo comunitario nun proxecto ben articulado, onde as e os participantes aprenden a traballar en necesidades reais da contorna, co fin de melloralas.


En suma, a aprendizaxe e servizo é un método para unir o compromiso social para a aprendizaxe de coñecementos, habilidades, actitudes e valores. Aprende a ser competente para ser útil a outras persoas.

Centre Promotor d'Aprenentatge Servei

Xunto ao CUFIE, a OCV organizou a IV Xornada de APS na UDC os días 16 e 17 de xullo. Desenvolveuse nun formato híbrido, o día 16 en liña a través de TEAMS e o día 17 de forma presencial, por primeira vez no campus de Ferrol. Co gallo desta xornada, aproveitamos a volta á presencialidade para organizar unha feira na Facultade de Humanidades e Documentación, co obxectivo de promover que o PDI da UDC coñecese o traballo dunha mostra de entidades da comarca de Ferrolterra, susceptibles de colaborar para poñer en marcha novos proxectos de APS.



Por outra banda, a Comisión de Valoración dos proxectos de APS, reunida no mes de outubro, certificou 11 proxectos na modalidade A (novos proxectos) e 14 máis na modalidade B (proxectos consolidados). Por último, aprobáronse tres proxectos máis na modalidade C (proxectos no marco de títulos propios)



0 FORMACIÓN

5

A formación é considerada como unha das principais liñas estratéxicas de traballo da OCV. Preténdese que as accións que realiza o noso voluntariado sexan de calidade, polo que cando unha persoa decide implicarse nalgún programa debe realizar un curso básico encamiñado a que coñeza os seus dereitos, os seus deberes e os aspectos xerais relacionados co labor que levará a cabo. Amais desta formación inicial básica, promóvese a formación continua nos aspectos específicos que se vinculan a cada programa, como por exemplo o voluntariado con maiores ou os primeiros auxilios.

No ano 2022, dúas das nosas xornadas con máis percorrido tiveron lugar de xeito presencial. Así, no mes de abril organizamos as XIII Xornadas de Persoas sen Fogar, baixo o lema «Retos e perspectivas», e no mes de novembro as XVI Xornadas de Sensibilización sobre Interculturalidade, co lema «Unha mirada decolonial para unha nova cooperación». Ambas as dúas contaron cun amplo nivel de asistencia.

A seguir damos conta do conxunto das actividades formativas realizadas e do número de persoas participantes.

ASISTENTES A CURSOS DE FORMACIÓN NO ANO 2022



OUTRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN

Ademais dos cursos e seminarios de formación programados, en 2022 deseñamos e botamos a andar máis actividades que tiveron como obxectivo formar, informar e sensibilizar a comunidade universitaria e o resto da sociedade sobre cuestións de interese para a nosa misión na UDC.

- **Conferencia de Gonzalo Fanjul polo 25.º aniversario da OCV.** A conferencia, titulada «Prosperidade e seguridade nun mundo poscovid: leccións para unha axenda global», foi presidida polo reitor da UDC, Julio Abalde, e reuniu a preto de 60 persoas no Salón de Actos da Facultade de Ciencias da Educación o 23 de marzo.
- **Xornada de Benvida á UDC 2022.** A celebración da dita xornada realizouse de novo de xeito presencial, e foi un grande éxito de asistencia nos campus da Coruña e Ferrol, con centos de estudantes que se interesaron pola oferta de propostas da OCV.





- **Taller sobre *upcycling* e moda sustentable.** Dentro das propostas financiadas pola IX Convocatoria de accións de EPD, sensibilización e participación social, un nutrido grupo de alumnado do campus de Ferrol asistiu a unha conferencia e posteriormente participou nun obradoiro sobre moda sustentable impartidos por Zaloa Basaldúa.

- **Obradoiro «Educación emocional como base para a sensibilización social no ámbito universitario»,** enmarcado nas actividades da Convocatoria de accións de EPD, sensibilización e participación social, que reuniu unha trintena de persoas o 16 de novembro na Facultade de Ciencias da Educación.


- **Exposición «A nosa indiferenza condénaos ao esquecemento».** A exposición, cedida por Manos Unidas, estivo exposta no Centro Cultural Universitario do campus de Ferrol do 28 de novembro ao 19 de decembro, dentro do programa do Mes polos Dereitos Humanos.



- **Conferencia «Os dereitos humanos: marco indispensable para o desenvolvemento humano e os ODS».** Tivo lugar presencialmente o 1 de decembro na Facultade de Humanidades e Documentación do campus de Ferrol, no marco do Mes polos Dereitos Humanos.



- **Conferencia «Os dereitos das persoas traballadoras na industria da moda».** Dentro das actividades programadas no Mes polos Dereitos Humanos, Nadègue Seguí, activista de Fashion Revolution España, ofreceu unha conferencia en formato virtual a través de TEAMS o 12 de decembro.



- **Exposición «Moda sostible e deseño *upcycling*».** Puido visitarse no Centro Cultural Universitario no mes de novembro, dentro das actividades da Convocatoria de accións de EPD, sensibilización e participación social.

- **Exposición pola Xustiza Social.** Nela puidemos ver os proxectos de coñecemento da realidade levados a cabo coa ONGD Enxeñería sen Fronteiras Galicia en Centroamérica. A dita exposición estivo no Centro Cultural Universitario do campus de Ferrol durante o mes de febreiro, en conmemoración do Día Mundial pola Xustiza Social, que se celebra o 20 de febreiro.





- **Conferencia «Nicaragua, patria libre para vivir».** Realizouse na Facultade de Ciencias da Educación o día 29 de setembro, coa colaboración da profesora Araceli Serantes Pazos e do director do documental do mesmo nome, Daniel Rodríguez Moya, para achegar a realidade de Nicaragua ao alumnado do grao en Educación Social.

PARTICIPACIÓN EN REDES

Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD)



No ano 2022 asinou un novo convenio coa Xunta de Galicia por un importe de 100 000 €, a repartir entre as tres universidades do SUG, e con carácter bianual, polo que as actividades continuarán durante o ano 2023. Así, foron diversas as propostas ofertadas a través da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento, entre as cales salientamos a continuidade da convocatoria do Concurso de Vídeos «Móvetelo polos ODS», que en 2022 viu a súa segunda edición. Ao igual que na primeira, houbo premios para alumnado da UDC, en concreto para estudantes do grao en Xestión Industrial da Moda do campus de Ferrol.

Ademais, organizáronse varias formacións ao longo do ano, tales como os cursos Metodoloxía do Enfoque de Marco Lóxico, efectuado en formato híbrido durante os meses de novembro e decembro, e Captación de Recursos Financeiros no Eido da Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento, que se levou a cabo en liña o 26 de abril.



Con cargo a este convenio tamén foron organizadas as IV Xornadas de APs na UDC, baixo o lema «Contribucións á construción de cidadanía global», e as XVI Xornadas de Interculturalidade, co lema «Unha mirada decolonial para unha nova cooperación».


Artigo9tech

Dentro desta rede de investigación, estivemos a participar nun proxecto de Enxeñaría Sen Fronteiras Galicia denominado «Tecnoloxía ao servizo do ben común, da cidadanía global e da inclusión desde escolas técnicas da universidade galega», financiado pola Convocatoria de accións de educación para o desenvolvemento 2021 da Xunta de Galicia. A colaboración da OCV xa quedara iniciada o ano anterior coa posta en marcha da rede.

Dentro da nosa participación, formamos parte do xurado da Convocatoria de proxectos de investigación no marco do Programa de impulso á investigación universitaria en tecnoloxías para o ben común. Así mesmo, participamos no deseño da enquisa para a realización da liña de base do antedito proxecto e na xornada de peche, que se efectuou na ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos o 14 de decembro. No dito evento presentáronse os catro proxectos gañadores da convocatoria e os resultados obtidos na realización da liña de base.



Rede Galega de Educacións en Prisión (REGAEP)



entre as entidades, cos equipos de tratamento e con outros axentes, para acadar melloras nos procesos de traballo.

A OCV incorporouse á dita rede no último trimestre do ano 2021 e participou en varias reunións de traballo coas outras entidades integrantes, a primeira das cales tivo lugar presencialmente en Santiago de Compostela no mes de febreiro de 2022, co fin de elaborar os documentos marco de traballo para os vindeiros anos.

No mes de outubro tivo lugar a primeira das xornadas organizadas pola REGAEP, enfocada ao voluntariado en prisións, e nela participamos moderando unha mesa redonda.



UDC Saudable

A OCV pertence á Comisión Técnica do Campus UDC=Universidade Saudable, en que participa activamente con diferentes propostas sobre a elaboración de recursos ou a celebración do Día das Universidades Saudables, entre outras.

En 2022, participou con actividades planificadas que forneceron contidos ao programa do Outono Saudable e que tiveron lugar nos dous campus universitarios en outubro.

Rede Española de Estudos de Desenvolvemento (REEDES)

A OCV, a través da RGCUD, renovou a súa pertenza á REEDES e seguiu a difundir as convocatorias, os artigos e as propostas desta rede académica, interdisciplinar, especializada na investigación e a docencia en materia de desenvolvemento e cooperación internacional.

SINERXÍAS CON OUTRAS UNIVERSIDADES

Universidade de Vigo (UVigo)

Unha vez retomado o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e as tres universidades do SUG no tocante á RGCUD para o bienio 2022/23, continuamos a traballar coordinadamente coa Universidade de Vigo na posta en marcha e execución das actividades conxuntas enmarcadas no antedito convenio. Precisamente correspóndelle a Uvigo a coordinación da execución do convenio durante o seu período de duración.

Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Pola mesma razón que no caso da Universidade de Vigo, o traballo de coordinación coa USC en materia de cooperación universitaria para o desenvolvemento é un feito necesario.

Participación nos grupos de traballo da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE)

A OCV intervéen activamente nas reunións e os grupos de traballo da CRUE, como a Subcomisión de Traballo sobre Persoas Refuxiadas. Neste eido concreto, en coordinación coa Universidade Autónoma de Madrid e coa colaboración do Cartolab da nosa universidade, traballouse na elaboración do Mapa de accións universitarias de refuxio de España. O dito traballo presentouse en formato póster en xuño no IV (Congreso Internacional de Estudos do Desenvolvemento. Trátase dun mapa colaborativo traducido ao inglés, francés e árabe en que participaron 28 universidades a introduciren a información sobre os seus programas de refuxio, e en que o estudantado refuxiado pode obter información sobre as distintas axudas e os apoios ofertados para o acceso aos estudos superiores.

COMUNICACIÓN

Seguimos a actualizar diariamente e a mellorar os contidos publicados na nosa páxina web e as redes sociais en que temos perfil: Facebook, Instagram, Twitter, Youtube e Mailchimp.

Páxina web propia

Constitúese como unha das principais vías de difusión externa das nosas iniciativas. Nela informamos sobre todas as actividades da OCV e poñemos á disposición das persoas usuarias documentos de interese ou ligazóns ás páxinas web doutras institucións ou organizacións. Así mesmo, a través dela pode facerse a prescrición nas distintas accións formativas programadas ao longo do curso académico.

Outra das vías de comunicación externa da OCV, que se utiliza puntualmente cando a necesidade de proxección exterior da nova así o require, é a [páxina web principal da UDC](#).

Intranet

Dentro da UDC, contamos tamén con outros medios propios de difusión, como é o caso das bases de datos de voluntariado e ONGD que manexamos, e dos grupos de correo con persoas interesadas en recibiren información sobre cursos e conferencias centrados en temáticas relacionadas coa cooperación para o desenvolvemento e co voluntariado social. Por tanto, o envío de información a través do correo electrónico é unha das nosas principais vías de comunicación.

Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD)

Desde a creación e posta en marcha da web da RGCUD, converteuse nun recurso máis para a difusión das actividades da OCV en materia de cooperación e EPD e a cidadanía global, que son recollidas ademais polo Observatorio da Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento da CRUE. Ao publicar na súa web as nosas novas, a RGCUD amplía enormemente a difusión do noso traballo.

Redes sociais

A OCV mantén activas as seguintes redes sociais: Facebook, con preto de 780 persoas seaeiras; Instagram, con 1073; YouTube con 28 subscritoras; Twitter con case 100 seaeiras, e a nosa propia [páxina web](#).

Boletín informativo

O *Boletín Informativo da OCV* vai dirixido non só ao noso voluntariado en activo e aquelas persoas que nalgún momento formaron parte da organización, senón tamén a outras entidades que se sumaron

como subscritoras. Ao remate do ano, atinximos os 695 contactos, dos cales 624 son persoas subscritoras que recibían información cada mes, nun formato adaptado á súa lectura nos teléfonos intelixentes.

Taboleiros de anuncios

A OCV dispón de taboleiros de anuncios nos dous espazos físicos das oficinas da Coruña e Ferrol, en que a promoción das súas actividades se realiza por medio de trípticos e carteis, os cales tamén son repartidos no resto dos centros dos respectivos campus.

Mapa de recursos universitarios para persoas refuxiadas

A OCV participou na elaboración dun [mapa](#) en que se localizan as universidades españolas que teñen bolsas ou axudas económicas para facilitar a integración das persoas refuxiadas na educación superior.

Reunións periódicas

O persoal técnico da entidade reúnese puntualmente coas persoas coordinadoras dos distintos programas de voluntariado en funcionamento para coñecer como están a desenvolverse e poder facer os axustes pertinentes, no caso de seren necesarios. Tamén fai continuas visitas ás entidades con que realiza actividades en convenio para o seu seguimento conxunto, ou recibe os seus/as súas representantes en calquera das oficinas de que dispón nos campus da Coruña e Ferrol.

Pola súa banda, o persoal técnico e a dirección da OCV reúnen-se diariamente de xeito virtual para facer o seguimento do traballo.

Medios de comunicación

Nalgunhas ocasións as actividades desenvolvidas pola OCV son recollidas en distintos medios de comunicación, sobre todo na prensa escrita, mais tamén puntualmente en televisións locais e radios, o que supón un importante pulo para a difusión das nosas propostas.

Puntualmente, cando a importancia da actividade ou o evento así o require, enviamos notas de prensa para a difusión masiva na web principal da UDC e os medios de comunicación. Tamén para o Campus Industrial de Ferrol.

Tipografías empleadas

Calibri Light, tamaño 10, 12 e 37
Calibri Bold, tamaño 16 e 18
Futura Lt Bt, tamaño 16 e 60

Cores principais empregadas

Vermello: RGB 231, 48, 43 |
HEX #ea5340

Azul/turquesa: RGB 97, 182, 175
| HEX #61b6af

Gris: RGB 87, 87, 87 | HEX #575756
Gris: RGB 178, 178, 178 |
HEX #b2b2b2